



NOTA DE PRENSA

O emprego da fisioterapia no medio acuático termal resulta moi efectiva en procesos de rehabilitación, posto que se consegue unha mellor e máis rápida evolución dos pacientes

Termas de Cuntis acolle esta fin de semana unhas xornadas dirixidas a futuros médicos que se están a formar na cura termal

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019 (Vía Láctea Comunicación).- No marco da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, o balneario pontevedrés de Termas de Cuntis acolle mañá venres e o sábado unhas xornadas sobre o valor da balneoterapia en procesos de rehabilitación. Un grupo de futuros médicos, que se están a formar na cura termal, coñecerán os beneficios das augas mineromedicinais neste eido.

A fisioterapeuta de Termas de Cuntis, **Lourdes Caramés Bueno**, explica que a unión de dúas técnicas como son a balneoterapia e a fisioterapia -tanto dentro como fóra da auga- ofrece resultados moi positivos para tratar a pacientes que están a pasar por un proceso de rehabilitación. Nesta liña, asegura que “o emprego da fisioterapia no medio acuático termal resulta moi efectiva nos casos de traumatoloxías diversas, nas recuperacións poscirúrxicas..., posto que se consegue unha mellor e máis rápida evolución dos afectados”.

A experta indica que por exemplo nos casos de operación de xeonllo non se pode facer carga sobre a zona afectada pero dentro da auga si é posible traballala. Por outro lado, as persoas dependentes que se desprazan en cadeira de rodas ou que sofren unha parálise cerebral, fóra da auga case non poden facer ningún tipo de exercicio, mentres que na auga aproveitan moitas técnicas e exercicios que favorecen a súa mobilidade e, en consecuencia, lógrase mellorar en boa medida a súa calidade de vida.

Ademais, a fisioterapeuta sinala que, de maneira habitual, empréganse técnicas acuáticas de rehabilitación non só para abordar os traumatismos, senón tamén para lograr unha mellora da postura, “con resultados moi beneficiosos para persoas que padecen problemas de espalda ou de mobilidade”. E, por outro lado, estas técnicas acuáticas poden aplicarse así memo cun fin meramente relaxante.

Xornadas venres e sábado

As xornadas comezan mañá venres ás 16:00 horas. A doutora de Termas de Cuntis, **Cristina Pandelo Louro**, e a coordinadora do balneario, **Eva Graña**, explicaranlles aos estudantes de Medicina as diferentes técnicas e indicacións da balneoterapia. O resto da tarde realizarán prácticas nas piscinas termais. E o sábado, durante a primeira parte da mañá, a fisioterapeuta **Lourdes Caramés** abordará os procesos de rehabilitación que se levan a cabo no centro e, de seguido, os asistentes terán a oportunidade de coñecer de primeira man os espazos terapéuticos do balneario.